



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las previsiones de modificación y mejora del plan judicial en Galicia.**

El Ministerio de Justicia hizo público a finales de enero el Proyecto de Real Decreto para la creación de 500 unidades judiciales para la programación de 2026 y la adecuación de la planta judicial.

La propuesta de creación de plazas, destinadas en su práctica totalidad a Tribunales de Instancia de los partidos judiciales de las grandes ciudades fue adoptada, tal y como indica el propio texto del borrador de Real Decreto, teniendo en cuenta las cargas de trabajo, las memorias de los respectivos Tribunales de Justicia, y las propuestas e informes de las Comunidades Autónomas, algo, por otra parte, preceptivamente exigido por la Ley 38/88, de 28 de diciembre, de Planta y Demarcación Judicial.

El incremento de la planta judicial es ciertamente significativo, pero todavía insuficiente para atender las importantes carencias que padecen algunos partidos judiciales en Galicia, en los que solo el extraordinario compromiso de los trabajadores evita el colapso.

Unidades judiciales como las de Viveiro, Vilagarcía, Carballo, Sarria o Ribeira, etc. vienen soportando desde hace años una elevada carga de trabajo que ha generado pendencia y demora en la resolución de los procedimientos, con el consiguiente deterioro del servicio público de justicia.

Esta realidad, constatada en la estadística judicial, ha provocado que en los últimos ejercicios la Comisión Mixta Xunta de Galicia - Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia haya considerado prioritario la creación de juzgados en los partidos judiciales indicados, una consideración obviada en la propuesta contenida en el Real Decreto publicado estos días.

En todo caso, la ampliación de la planta judicial debe implicar un incremento coherente de la plantilla en los órganos de asistencia, tramitación y gestión procesal, algo que no está



previsto en el presupuesto de la Xunta de Galicia para el año 2026. Una falta de medios humanos que limitará considerablemente los efectos positivos del incremento de las plazas judiciales.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Recibió el Ministerio de Justicia el informe o alegaciones por parte de la Xunta de Galicia en relación con el Proyecto de Real Decreto por el que se propone la creación de nuevas secciones y unidades judiciales para el año 2026?
2. ¿Está de acuerdo el Ministerio en que debe ser prioritaria la creación de unidades judiciales en los partidos judiciales de los municipios gallegos y en aquellos que extienden la competencia territorial fuera del partido?
3. ¿Rectificará y asegurará que la jurisdicción de las secciones de violencia sobre la mujer de los Tribunales de Primera Instancia de Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra o Lugo no se extienda más allá del partido judicial respectivo? ¿Recibió el Ministerio alguna alegación en este sentido por parte de la Xunta de Galicia?
4. ¿Incluirá el Ministerio en el nuevo Real Decreto la creación de nuevas plazas judiciales en los Tribunales de Instancia de Vilagarcía, Ribeira, Carballo, Viveiro y Sarria, tal y como recoge la propuesta formulada por la Comisión Mixta de Justicia de Galicia?

Madrid, a 12 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

12 FEB. 2026 16:51:19

Entrada **99292**

Sobre as previsións de modificación e mellora da planta xudicial na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Portavoz adjunto



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás previsións de modificación e mellora da planta xudicial na Galiza.**

O Ministerio de Xustiza facía público a finais do mes de xaneiro o Proxecto de Real Decreto de creación de 500 unidades xudiciais para a programación de 2026 e a adecuación da planta xudicial.

A proposta de creación de prazas, destinadas na súa practica totalidade a Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais das grandes cidades, foi adoptada -segundo se indica no texto do propio borrador de Real Decreto- tendo en conta as cargas de traballo, as memorias dos respectivos Tribunais de Xustiza, e as propostas e informes das Comunidades Autónomas, algo, por outro lado, preceptivamente exixido pola Lei 38/88, de 28 de decembro, de Planta e Demarcación Xudicial.

O incremento da planta xudicial é certamente significativa, mais aínda insuficiente para atender as importantes carencias que padecen algúns partidos xudiciais da Galiza, nos que só o extraordinario compromiso das traballadoras evita o colapso.

Unidades xudiciais como as de Viveiro, Vilagarcía, Carballo, Sarria ou Ribeira ... levan anos soportando unha elevada carga de traballo que provoca unha alta





pendencia e demora na resolución dos procedementos co conseguinte deterioro do servizo público da xustiza.

Esta realidade, constatada na estatística xudicial, provocou que nos últimos exercicios a Comisión Mixta Xunta da Galiza - Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza considerase prioritario a creación de xulgados nos indicados partidos xudiciais, unha consideración obviada na proposta contida no Real Decreto publicado estes días.

En todo caso a ampliación da planta xudicial debe implicar o coherente incremento do cadro de persoal nos corpos de auxilio, tramitación e xestión procesual, algo que non consta estea previsto nos orzamentos da Xunta da Galiza para o ano 2026. Unha falta de medios humanos que limitará considerabelmente os efectos positivos do incremento nas prazas xudiciais.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Recibiu o Ministerio de Xustiza informe ou alegacións por parte da Xunta da Galiza en relación ao proxecto de Real Decreto no que se propón a creación de novas seccións e unidades xudiciais para o ano 2026?
2. Comparte o Ministerio que debe ser prioritaria a creación de unidades xudiciais nos partidos xudiciais das vilas galegas e naqueles que estenden a competencia territorial fóra do partido?
3. Rectificará e asegurará que a xurisdición das seccións de violencia sobre a muller dos Tribunais de Instancia de Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra ou Lugo non se estenda alén do partido xudicial respectivo? Recibiu o Ministerio algunha alegación neste sentido por parte da Xunta da Galiza?
4. Inclúirá o Ministerio no novo Real Decreto de creación de novas prazas xudiciais no Tribunais de Instancia de Vilagarcía, Ribeira, Carballo,



Viveiro e Sarria, tal e como se contén na proposta formulada pola Comisión Mixta de Xustiza da Galiza?

Madrid, a 12 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso